

o
SECUESTRO
da
BIBLIOTECARIA



Sarabela teatro apresenta
"o sequestro da bibliotecaria"

versão livre do texto original de Margaret Mahy.



Elenco

Sabela Gago,
Fernando Dacosta,
Nate Borrajo,
Josito Porto
Alfonso Míguez.

dirixida por
Fina Calleja

SINOPSE

A señorita Ernestina é a fermosa bibliotecaria da vila de Parangón. Aínda que é orfa e non ten familiares ricos, os bandidos desta peza decidiron secuestrala. Pretenden xerar un caos cultural que obrigue ás autoridades a pagar polo rescate da bibliotecaria.

Así e todo, as intencións desta banda tomarán un novo camiño ao descubrir que a señorita Ernestina os contaxiou co virus da varicela. A poucas persoas lles acaen ben os grans na cara pero para uns ladróns resulta desastroso. Tomaría vostede en serio un ladrón con grañños? Pois non, parece ser a resposta máis obvia; así que os ladróns deben atopar unha solución para o seu problema, pero non teñen nin idea de onde buscala.

Por se todo isto fora pouco un tremor de terra ven a complicalo todo.





Ter entre mans un texto como “ O secuestro da bibliotecaria” de Margaret Mahy como fonte de inspiración e facer o transvase deste pequeno conto ao teatro, supuxo un esforzo pero tamén un deleite extraordinario. Emerxen desta deliciosa aventura personaxes vigorosos, unha peripecia tan divertida como estimulante onde o amor pola lectura se coloca como principal protagonista, cun indubidable valor pedagóxico e teatral. Cinco actores aportaron toda a súa sabedoría despregando un impagable abano de rexistros para dar corpo e voz a cincuenta e cinco minutos de risos, maxia e tenrura combinados con pulso firme para acadar unha peza teatral que conecta con nenas e nenos pero tamén cos adultos que os acompañan.

Sarabela ten experiencia contrastada en espectáculos familiares con títulos como “O último dragón”, “A Voar”, “Cristobo e o libro das marabillas”, “Konrad, o neno que chegou nunha lata de conservas”, “Cósima”, “A Illa Amarela” ou “O Romance de Micomicón e Adhelala”. Unha vez máis, a compañía non quixo perder de vista os intereses dos máis pequenos e os valores que atravesan os deseños curriculares para pór en escena unha peza divertida e axeitada a partes iguais.



“O secuestro da bibliotecaria” é un espectáculo de actor, no que o elenco se desdobra con xenerosidade, explora os seus recursos interpretativos para facer realidade, ante os ollos asombrados dos máis pequenos e dos seus pais, unha galería de personaxes fulgurantes, faiscantes que habitan a vila de Paragón e que, nalgún momento desta historia, visitarán a nosa particular BIBLIOTECA MUNICIPAL.

Haberá entón que inscribirse nesta festiva biblioteca ... que cada quen teña a man a súa tarxeta de lector.

“O secuestro da bibliotecaria” é un espectáculo de actor



O VALOR DA LECTURA

O amor pola lectura é o valor que atravesa con pulso firme todo “O secuestro da bibliotecaria”. A lectura entendida como a mellor das aventuras posibles. A chave que abre a porta de novos escenarios e que facilitará tamén a mellor comprensión da natureza humana e da súa diversidade.

Cada libro “aviva” a imaxinación e desencadea procesos mentais estimulantes. É fonte de coñecemento directo pero tamén esperta a educación emocional, axuda ao desenvolvemento do pensamento crítico e reforza os valores da diversidade, educa en igualdade, na solidariedade e na comprensión do outro.

Na sociedade tecnolóxica que nos tocou vivir, a lectura está sendo desprazada cara un segundo plano. Aínda así os libros non deixaron de ser un vehículo privilexiado para entender o mundo a través da transmisión de valores e das actitudes que se desprenden dos contidos culturais. A lectura segue sendo unha excepcional ferramenta para posicionármonos fronte a sobreestimulación á que se nos somete e que, en ocasións, pode chegar a atrofiar os nosos sentidos. Elimina estereotipos, actitudes prexuízosas e roles discriminatorios que, por desgraza, aínda persisten na nosa sociedade.

A nosa “bibliotecaria” é unha peza chea de chiscadelas cara o clown. Unha peza de teatro de actor onde a excelencia do elenco e as gañas de agradar aos espectadores máis novos garanten un espectáculo fresco, pleno de teatralidade e humor.

TEMOS NO
NOSO PODER
SEÑORITA ERNESTINA
A BIBLIOTECARIA.

SE QUEREN QUE
A BIBLIOTECA
VOLVA ABRIR
AS SUAS PORTAS

PAGUEN O
RESGATE



CULTUR
ACTIVA

info@culturactiva.org

981 58 28 36